



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Diocese.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.





Segundo.- Unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmobles, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. A maior afluencia de peregrinos ten lugar no verán, e moito mais no Camiño Francés, así como noutros camiños que están a adquirir un gran pulo como o Camiño Portugués.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago.

Cuarto.- O Arcebispado de Santiago é o titular das igrexas cuxa apertura constitúe obxecto deste convenio.

Que a través deste convenio, outórgase ao Arcebispado de Santiago unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia

galicia

